



BOLETIN CULTURAL DA ASOCIACIÓN
HERMINIO BARREIRO.

Editorial.

Este mes de Abril chega, como as plantas en primaveira, cun agromar de novidades. A nosa Asociación renovou a súa xunta directiva e incorporou novas persoas con ganas de aportar e dar pulo a novas ideas e proxectos. Pronto poderemos ir vendo como todo isto, un pouco como seguindo os ritmos da natureza, medra e florece. O primeiro chanzo desta nova etapa, e seguindo a nosa liña de aposta pola colaboración con outras entidades locais para a realización de proxectos, é a creación dun tandem con *As Titiriteiras*, un grupo local de animación e tempo libre, co que proxectamos unha serie de actividades o longo do ano, a primeira das cales será un obradoiro de pintado de ovos de pascua e fabricación de ovos de Chocolate que terá lugar na semana santa.

Dentro deste boletín, este mes traémosvos Enma Ríos, unha moza debuxante de cómics que foi a primeira galega, e tamén a primeira española, en traballar nos estudos da Marvel. Unha axenda como sempre completiña, e rematamos cun artigo sobre a lenda de san Ero, e a súa relación coas tradicións celtas.

Saudos.

Indice:

- Persoeir@ do mes: **Enma Ríos**
- Que vai ocorrer este mes en Ribadumia.
- San Ero e a tradición Celta.

Persoeir@ do mes:

Emma Ríos



Enma Ríos Maneiro é unha debuxante de historietas e ilustradora galega, nada en 1976 en Vilagarcía de Arousa. Actualmente traballa para o mercado estadounidense, mostrando unha destacada influencia do manga. Hai que resaltar que Enma Ríos foi a primeira artista galega e española en traballar para Marvel.

Emma Ríos viviu en Ourense, onde dende moi pequena empezou a ler contos, como *La Patrulla X* de Chris Claremont, *Novos Mutantes* de Sienkiewicz e sobre todo *Akira* de Katsuhiro Tomo, que foi a que decantou a súa vocación. Descartou, non obstante, o uso de grises, tramas e augadas propios do manga nos seus primeiros fanzines de fotocopias, ao valorar máis o rematado de tinta de autores como John Buscema, Harvey Kurtzman ou Jack Kirby.

Na Universidade da Coruña licenciouse en Arquitectura, o cal lle proporcionaría un gran coñecemento do espazo, evidente nas súas perspectivas e cambios do punto de vista. Compaxinaba tales estudos coas súas primeiras aventuras amorosas no mundo do cómic, onde debutara en 1988 con varias colaboracións en fanzines locais como *El bolxevique vespertino*, *Esto é a guerra*, *Mensaxes nunha botella* ou *Comikaze*.



Sen deixar o seu traballo como arquitecta, Enma Ríos uniuse ao colectivo de debuxantes Polaquia, a través do cal continuou a súa serie *A Proba de Balas* (2003) e na que Pablo Pérez colaborou cos guións. En 2005 tamén realizou ilustracións para unha campaña de publicidade de Ron Cacique.

Foi convidada ao salón de Andenne en 2005 e 2006 e ao de Angulema en 2006 polo posto do fanzine "L'inédit".

Tras varias historietas curtas para publicacións de difusión nacional como "Dúas veces breve" (2006) e *Los Reyes Elfos: Historia de Faerie* foi galardoada co premio a Autor Revelación en Expocómic2008. Ese mesmo ano, colaborou no proxecto de restauración do viaduto de San Pedro de Mezonzo (A Coruña), pintando a María Pita nunha das súas columnas. Tamén obtivo a bolsa Lingua Comica de la Fundación Asef, que lle permitiu rematar un cómic en Xapón.

Despois de ser salientada por Warren Ellis na súa páxina web, recibiu unha oferta de Matt Gagnon, editor de "Boom! Studios", para realizar unha miniserie de 4 números. Deixou entón o estudo de arquitectura en que traballaba para envorcar-se no cómic, e produciu *Hexed*(2008) con Michael Alan Nelson ao guión e Cris Peter á cor. Para entón, xa era unha das estrelas do salón do cómic *Viñetas desde o Atlántico*.

Nas Xornadas de Avilesino coñeceu a CB Cebulski quen lle puxo en contacto con Nick Lowe, editor de Marvel Comics, ofrecéndolle este realizar un fill-in para *Runaways*, ao que seguiría unha miniserie do *Doutor Estranho*, escrita por Mark Waid. A súa arte tamén apareceu en títulos



como *Runaways*, *Amazing Spider-Man*, e *Girl Comics*. Tamén participou na miniserie de *Osborn*, escrito por Kelly Sue DeConnick, ademais de traballar nun novo libro con DeConnick, *Pretty Deadly*, que saíu a luz en outubro do 2013, un western de creación propia para Image protagonizado por unha asasina, e no que pretende retomar o ton dos westerns de Sergio Leone. Tamén realizou, con guion de Ricardo Gómez, unha adaptación de *Amadís de Gaula* para o GrupoSM.



Que vai ocorrer este mes en Ribadumia:

Programación Cervexeria Encontro:

- Venres 04, as 22:00, concerto de *Gog y Las Hienas telepaticas*.
- Venres 11, as 00:00, concerto de *Colt 45*.
- Venres 25, as 00:00, concerto de *The lakazans*.

A programación de semana santa esta pendente de concretar, por iso non se inclúe neste boletín.

Programación do Auditorio:

- Sabado 05, as 21:00, **5º Concerto de Solistas**, da agrupación Musico- Cultural de Ribadumia.
- Domingo 06, as 20:00, "**QUO´DLIBET**", concerto único cunha mestura de gaita e piano.
- Domingo 12, as 20:00, **Gala de zarzuela benéfica para AECC** (Asociación Española Contra o Cancro), a cargo da Escola de Música Municipal de Meaño.
- Domingo 13, as 20:00, actuación do **mago Martín Camiña**,co espectáculo *Feitizo*.
- Domingo 19, as 18:00, "**Laranxus7**", espectáculo de monicreques a cargo de Teatro Advento.
- Sabado 26, as 21:00, **Recital Solista con acompañamentos de piano**, a cargo da Agrupación musico-cultural e Ribadumia.
- Domingo 27, as 20:00, concerto de **Xose Duarte**.

Outros eventos:

- Xoves 17 (xoves santo), das 11:00 as 13:15, no centro cultural de Barrantes (local por confirmar), **Obradoiro de ovos de Pascua, fabricación de chocolate e decoración de ovos).**

A asociación Herminio Barreiro en colaboración de As Titiriteiras propoñémoslle os nosos cativos e os seus pais e nais un obradoiro para divertirse fabricando ovos de chocolate e decorando ovos de galiña, unha actividade para compartir entre nenos e maiores.



San Ero e a tradición celta



Imaxe do miragre de san Ero no Mosteiro de Armenteira

No luns de pascua, como todos sabemos, celebrase a romaría en honra a virxe das cabezas, no mosteiro da Armenteira. O mosteiro, do século XII e un dos mellores exemplos do románico galego, esta nun enclave de gran beleza paixaxística, e conta cunha lenda, a de San Ero, a altura do seu entorno.

Conta esta que o nobre Ero tivo unha noite un soño no que a Virxe lles dicía tanto a el como á súa muller que fundasen un mosteiro, para así teren descendencia espiritual, moito máis importante que a terreal (de feito non tiñan fillos). Así que Ero decidiu transformar un dos seus pazos no mosteiro de Santa María de

Armenteira, converténdose no seu abade.

Durante a súa longa estancia no mosteiro o abade preguntábase decote como sería o paraíso, rogándolle encarecidamente á Virxe que lle deixase velo. Así pois, un día, paseando polas fragas cercanas ó mosteiro, Ero quedou cautivado polo cantar dun paxariño, sentando baixo unha árbore para contemplalo. Neste estado pasou trescentos anos, e ó regresar ó mosteiro preguntou polos monxes e ninguén soubo contestarlle; entendeu o ocorrido e faleceu nese instante ós pés dos novos monxes do mosteiro.



A lenda é común a diferentes lugares do resto de Galicia (como Samos), de España e de Europa, e

foi recollida na Cantiga 103 das Cantigas de Santa María recompiladas polo rei Afonso X o Sabio. Neste texto, o protagonista do sucedido non foi o abade senón un dos monxes do mosteiro que, ó regresar, se reincorpora ós seus compañeiros. Existe tamén outra lenda moi semellante referida a san Amaro.



Pero a lenda do santo Ero e outras similares conectan directamente con outro arquetipo Celta, o chamado *Paradisus Avium*, o paraíso dos paxaros. Segundo a tradición Celta os paxaros poden ser mensaxeiros de Outro Mundo. O mito dos paxaros do inframundo encontrámolo por exemplo no relato irlandés *Sergile Con Culainn* (a enfermidade do Cuchuláinn) que narra o encontro do guerreiro Cuchaláinn cuns cisnes que resultaron ser fadas de Outro Mundo, ou tamén no texto galés *Mabinogion* que nos fala dos paxaros de Rhiannon (deusa galesa dos cabalos) que asentados na Baía

de Cardigan, son capaces de matar os vivos e resucitar os mortos co seu canto. Tamén o folclorista bretón Anatole Ile Braz recolle na súa obra *La legende da mort chez lle bretons armoricains*, a crenza nun paraíso cuxa entrada está gardada por aves cantoras.

A catedrática M.J Green explica como os paxaros pola súa habilidade para deixar a terra voando, se identifican coa crenza de que o espírito humano abandona libremente o corpo cando este morre e deste xeito as deidades do Alén se asocian con frecuencia cos paxaros. A *Clidna* irlandesa tiña tres paxaros máxicos que podían curar co seu canto, o mesmo carácter terían os tres paxaros de Rhiannon que simbolizan a vida despois da morte. Esta idea materialízase despois no simbolismo cristián medieval.

Estes mitos foron cristianizados posteriormente e así volvemos a encontrar na historia da viaxe do santo irlandés do século VI San Brandán, a *Navigatio Sancti Brandani*, na que se describe unha illa chea de árbores nas que se pousaban infinidade de paxaros que eran anxos caídos. Tamén no relato bretón referente ao monxe

Yves, quen buscando leña no monte escoltou o canto dun paxariño que estaba pousado na rama dunha árbore e quedou embelesado pola melodía, o monxe perseguiu á ave durante todo o día e ao regresar ao mosteiro os monxes non o recoñeceron pois durante este

breve período de tempo transcorreran 300 anos.

E o mesmo mito o encontramos de novo na extraordinaria historia do abade de Virila. Esta vinculación entre paxaros e paraíso é a que podemos ver na lenda de San Ero de la Armenteira.

Cantiga 103 (cantigas de Santa Maria, Alfonso X o sabio)

Como Santa Maria feze estar o monge trezentos anos ao canto da passara,

fez-lo entrar en ha orta en que muitas vezes ja

porque lle pedia que lle mostrasse qual era

Quena Virgen ben servirá a Parayso irá.

o ben que avian os que eran en Paraiso.

Quena Virgen ben servirá a Parayso irá.

Entrara; mais aquel dia fez que ha font' achou mui crara e mui fremosa, e cab' ela s'assentou.

E daquest' un gran miragre vos quer' eu ora contar,

E pois lavou mui ben sas mãos, diss': «Ai, Virgen, que será

que fezo Santa Maria por un monge, que rogar

ll'ia sempre que lle mostrasse qual ben en Parais' á

Quena Virgen ben servirá a Parayso irá.

Quena Virgen ben servirá a Parayso irá.

Se verei do Parayso, o que ch' eu muito pidi,

E que o viss' en ssa vida ante que fosse morrer.

algun pouco de seu viço ante que saya daqui,

E porend' a Groriosa vedes que lle foi fazer:

e que sábia do que ben obra que galardon averá?»

Quena Virgen ben servirá
a Parayso irá.

Tan toste que acababa ouv' o mong' a
oraçon,

oyu ha passarinna cantar log' en tan bon
son,

que sse escaeceu seendo e catando
sempr' alá.

Quena Virgen ben servirá
a Parayso irá.

Atan gran sabor avia daquel cant' e
daquel lais,

que grandes trezentos anos esteve assi,
ou mays,

cuidando que non estivera senon pouco,
com' está

Quena Virgen ben servirá
a Parayso irá.

Mong' alga vez no ano, quando sal ao
vergeu.

Des i foi-ss' a passarynna, de que foi a el
mui greu,

e diz: «Eu daqui ir-me quero, ca oyu mais
comer querrá

Quena Virgen ben servirá
a Parayso irá.

O convent'.» E foi-sse logo e achou un
gran portal

que nunca vira, e disse: «Ai, Santa Maria,
val!

Non é est' o meu mōesteiro, pois de mi
que se fará?»

Quena Virgen ben servirá
a Parayso irá.

Des i entrou na eigreja, e ouveron gran
pavor

os monges quando o viron, e demandou-ll'
o prior,

dizend': «Amigo, vos quen sodes ou que
buscades acá?»

Quena Virgen ben servirá
a Parayso irá.

Diss' el: «Busco meu abade, que agor'
aqui leixey,

e o prior e os frades, de que mi agora
quitey

quando fui a aquela orta; u seen quen mio
dirá?»

Quena Virgen ben servirá
a Parayso irá.

Quand' est' oyu o abade, teve-o por de
mal sen,

e outrossi o convento; mais des que
souberon ben

de como fora este feyto, disseron: «Quen
oyrá

Quena Virgen ben servirá

a Parayso irá.

Nunca tan gran maravilla como Deus por
este fez

polo rogo de ssa Madre, Virgen santa de
gran prez!

E por aqesto a loemos; mais quena non
loará

Quena Virgen ben servirá

a Parayso irá.

Mais d'outra cousa que seja? Ca, par
Deus, gran dereit' é,

pois quanto nos lle pedimos nos dá seu
Fill', a la ffe,

por ela, e aqui nos mostra o que nos
depois dará».

Quena Virgen ben servirá

a Parayso irá.



<http://ascuncasculturais.wordpress.com/>